

## INFORMACIÓN DO RISCO EN RELACIÓN CO CORONAVIRUS COVID/19

O Coronavirus, COVID-19 foi declarado como pandemia mundial pola Organización Mundial da Saúde de acordo coa citada organización, é moi contaxioso.

Na seguinte ligazón pode consultar de forma detallada que é un coronavirus, que é o COVID-19, cales son os seus síntomas, como se contaxia, que facer en caso de contaxio, como protexerse como previrlo e cales poden ser as súas consecuencias, entre outras consideracións de interese:

<https://www.who.int/es/emergencies/diseases/novel-coronavirus-2019/advice-for-public/q-a-coronaviruses>

As autoridades sanitarias establecen unha serie de medidas que a título enunciativo e non limitativo inclúen o distanciamento social, evitar as aglomeracións de persoas, e o uso de medidas de prevención do contaxio tales como máscaras.

A Federación Provincial de ANPAS de Centros Públicos da Coruña e o Excmo. Concello da Coruña (en diante os organizadores), adoptarán para a organización desta actividade todas as medidas sanitarias de preevención que dispoñan como obrigatorias as autoridades sanitarias, educativas e laborais, implementando para a realización da actividade, protocolos de seguridade elaborados por técnicos de prevención da empresa homologada INTECTOMA S.L.

Así mesmo, neste formulario de inscrición os organizadores solicitarán unha declaración responsable dos titores dos participantes, conforme a modelo recomendado polos citados expertos.

Con todo, os organizadores informanlle de que non poden garantir que os seus fillos non se infecten co COVID-19 ou que non aumente o risco de contraelo como consecuencia do desenvolvemento da actividade.

Ao prestar a súa aceptación a esta cláusula, reconece ser informado da natureza contaxiosa do COVID-19 e do incremento de risco de contaxio que podería supor a asistencia do seu fillo/a a esta actividade e do risco de que os seus fillos/as e as persoas que estean en contacto con eles poidan estar expostos e/ou infectados por COVID-19, podendo resultar das accións, omisións e negligencias propias e doutros; incluíndo, pero sen estar limitado, a empregados da Federación, empregados municipais, empregados de empresas que presten servizos auxiliares, voluntarios, coordinadores, resto de participantes da actividade e as súas familias.

LEO E ENTENDO ESTA CLÁUSULA